

## Teatro

# Breve suspiro

José Luís PRIETO

*Inés de Castro e o infante don Pedro pasean xuntos por un fermoso xardín.*

INÉS: Hai días que teño unha extraña sensación no corazón, Pedro.

PEDRO: Querida Inés, esa sensación que dis padecer non ten nada de extraña nin debe preocuparte en absoluto. Chámase amor, e aínda que ás veces poida confundirse levemente con algún mal, non é máis que a ledicia do corazón, que expresada por este con vehemencia, enche o peito namorado de cataclismos que estoupan vigorosos e exultantes como foguetes, e como estes, non son motivo de preocupación, senón de gozo.

INÉS: Meu amado... coñezo de preto ese estado do que falas, pois con el convivo desde o mesmo momento no que apareciches ante min... mais a sensación que me posúe dende hai varios días provoca no meu interior escuras turbiedades que nada teñen que ver coas doces convulsións do amor.

PEDRO: Sentemos entón, e detállame con claridade ese malestar que te incomoda.

*Sentan nun banco do xardín.*

PEDRO: Fálame pronto, Inés, pois o teu mal é o meu mal, e tratemos de por fin ó que sexa que prenda asombrar a nosa felicidade.

INÉS: Ogallá tivese algunha certeza sobre o que me acontece, mais o único que podo asegurar é a existencia dentro de min dunha sombra que augura funestos momentos. Unha especie de rumor soterrado que semella tentar decirme algo que non son quen de entender. ¡Oh, Pedro! Por primeira vez en moito tempo noto que medra en min algo semellante ó medo, pois a enigmática e descoñecida orixe deste incómodo desacougo fixo que nestes últimos días buscara en min, nas

miñas profundidades, nos íntimos recunchos do meu ser, unha causa, un porqué, un motivo deste angustioso desasosego, e aínda que non achei certezas, na busca atopei anacos de min que nunca antes vira...

PEDRO: Daría a miña futura condición de rei a cambio de poder arrincar esa sombra que murcha o corazón do ser que máis amo, pero xa que non está nas miñas mans o poder de realizar tal pacto, utilicemos a razón para chegar a resolver esta cuestión que, como os peores inimigos, ataca sen avisar... ¿Que é iso que atopaches en ti que nunca antes viras e que tanto commove á túa alma?

INÉS: a culpa.

PEDRO: ¿A culpa?

INÉS: A culpa. Extraña compañeira que viaxaba xunta min en silencio, agochada debaixo de grandes e luminosas paixóns que impedían que me decatara da súa presenza.

PEDRO: Pero... Inés... ¿De que es culpable?

INÉS: De amar... e de ser amada.

PEDRO: Nunca acataría un tribunal que considerara delito o amor.

INÉS: Pedro... amado Pedro... non hai sentenza humana nin divina que poida impedir que te ame... non é esa a cuestión, pois a culpa que eu sinto non ten afán de renuncia... é nada máis que consecuencia... consecuencia aceptada. Admito amarte, e admito ser amada por ti. E admito tamén a culpa.

PEDRO: ¡Non es culpable! ¡Ningún é culpable! Os sentimentos non son nin deben ser gobernables. Teñen a liberdade de pousarse alí onde consideren que florecerán con máis forza. Elixen

o seu niño libres das hipócritas leis da razón humana que pretende domalos, pretende domesticalos, pretende convertelos en paxaros mutilados en lugar de deixalos voar... e nós... nós, Inés, nós fomos capaces de facelo... de rachar o papel que outros escribiran... fomos capaces de deixarnos arrolar polo son dos latexos... fomos capaces...

INÉS: E nin sequera un instante deixaría de sentirme orgullosa de ter elixido o camiño do corazón... mais iso non impide que, nesa busca de respostas, sinta no peito unha fina punzada no mesmo momento que a miña imaxinación evoca o recordo de Constanza... ela que non tivo a oportunidade de escoller carne nin terra distinta de designios alleos, ela que viviu conforme ás súas obrigas, renunciando á súa vontade propia e ó fin... ¿para que? ...para que a morte a levava sen honra, sen coroa... e sen amor. Por iso, inevitablemente, chega a min cosida á súa imaxe, a fatídica dúbida dos destinos... ¿que lei, nai de tódalas leis, marca o rumbo do noso tempo? ¿O azar, a vontade... ou os designios divinos? E perante a incapacidade de saír de tal labirinto penso na miña insignificante e terreal presenza e pregúntome... ¿De non ter permitido ser amada por ti, meu adorado Pedro, e de non ter permitido ó mesmo tempo que o meu corazón fose libre para amarte, non estaría quizais Constanza nestes intres gozando dunha existencia grata e feliz? ¿Pode alguén, simple mortal coma min, interferir de tal xeito, que mesmo dependan dos meus actos as felicidades alleas? Constanza era a túa esposa... a futura raíña de Portugal... a elixida para continuar a orde establecida... e eu... eu troquei o curso dos acontecementos co dereito que dá o amor... pero... ¿hai dereito a secar un río para atopar unha flor?

PEDRO: ¡Oh, Inés! Ó escoitarte remover nese pozo de confusións non poido senón dicir que eu tampouco son alleo ás circunstancias que relatas pois o amor, por ser de dous, verque en min a súa graza e se as hai, tamén as súas desgrazas. Teño meditado sobre o asunto que refires e direiche, por se en algo mitiga a túa escuridade, as conclusións coas que o meu pensamento, puido ó fin ficar en paz. Constanza escolleu, escolleu seguir o trazo que lle marcaron, o mesmo trazo que eu, cego, seguía tamén. O meu matrimonio con ela foi único froito de intereses de Estado, ese monstruoso animal que se alimenta dos individuos ós que debera protexer, e eu, seguidor sen tregua dos desexos do meu pai o rei Alfonso, asumín a alianza coa indiferente determinación do deber cum-

prido, pero cando por primeira vez te vin no séquito de Constanza... decateime de que tiña ollos, ollos propios, ollos meus, ollos que aprenderon a mirar grazas á túa presenza... decateime de que todo era farsa no universo, todo agás o fio invisible que me unía a ti... Inés... xa nunca máis volví ollar o mundo coas cores que me ensinaran, e isto era verdadeiramente o real, sen leis, sen papeis e sen disfraces... O matrimonio xa non podía borrarse, pero aínda menos a miña nova mirada. Constanza seguiu o trazo até a súa morte... ela non era feliz, pero tampouco desgraciada, porque en verdade ela non tivo a sorte de saber o que era vivir... Pero nós si, miña amada, nós temos o privilexio de saborear o paso do tempo... Non somos responsables dos rumbos alleos, só seres finitos que discorren polo seu devir. Que non te atormente pois, ningunha culpa, xa que só inocente pode ser o que inocentemente actúa.

INÉS: Bálsamo son, sen dúbida, as túas palabras, e aínda que precisarei dalgún tempo para que o meu corpo entenda o que a miña mente xa apreendeu, certamente o acto de observar os feitos expostos á luz causa en min un efecto calmante, que ben por propia necesidade de alivio, ou ben porque clarifiquen a razón, relaxan o meu ánimo e doman a miña respiración.

PEDRO: ¿Xa hai luz entón, miña Inés, nesa sombra que apagaba a túa fermosa mirada?

INÉS: Quixera dicir que si, meu amado, dicir que todo o meu ser está cheo de placidez, para así verte marchar co espírito tranquilo, mais debo ser sincera, e se ben o malestar da culpa está francamente en receso, mentiría se non dixese que segue prendido a min un grave presentimento.

PEDRO: Nada debes temer pois iso que dis padecer é consecuencia sen dúbida dos avatares do teu ser, que en loita interna dirimiron durante días retorcidos pensamentos. Agora, durante a miña curta ausencia, tenta descansar, para que así aplaquen as túas liortas, e, ó meu regreso, celebraremos xuntos o principio do resto das nosas vidas.

INÉS: ¡Non! ¡Non marches! ¡Hoxe non marches!

PEDRO: Só serán unhas horas, querida, e antes de que caia o sol, estarei de novo ó teu carón. Non teñas medo de nada, que nada te preocupe, tenta

descansar, que o descanso apazuga os males... e se me permites, cando peches os ollos para descansar... deixa que a miña imaxe te acariñe... quizais así sexa máis curta a espera...

*Pedro bícaa agarimosamente e logo érguese do banco. Inés mírao cun leve sorriso, aínda que os seus ollos semellan tristes.*

PEDRO: Ata pronto, meu amor, ata dentro dun breve suspiro (*Sorri con dozura e complicidade*)

INÉS: ..ata dentro dun breve suspiro...

*Pedro marcha ante a mirada de Inés, que continúa sentada no banco.*

INÉS: (*Repite con pouso amargo*) ...ata dentro dun breve suspiro... si... ogallá cando regreses poida ofrecerme a ti sen esta néboa que me enreda e me impide apreciar con nitidez a miña inmensa fortuna; a de compartir este excelso amor compartido, a de recrear os meus días neste fermoso xardín, e a de ser algún día futuro raíña de Portugal... mais a estes dous últimos privilexios, por pertencer ós mundos non anhelados por min, renunciaría gustosa a cambio de manter intacto o lúcido delirio do amor, e de arrincar do meu ser este dardo ponzoñoso que anuncia sen dar razóns misteriosos e nefastos vaticinios... ¡Cálmate, mente! E calma ti tamén, corazón, pois quizais este desacougo non se deba máis que a ideas intrusas, que penetran nas vidas baleiras de grandes males como a miña, coa única intención de perturbar sen motivo a felicidade da que gozo... ¡Marchade xa de min, ideas velenosas, non queirades facerme sufrir, que non preciso penitencia, pois pecado non cometín!

*Inés pecha os ollos e tenta esquecer as súas escuras sensacións. Tras uns intres chega a carón dela o fidalgo portugués Pacheco. Olla a Inés e decide interromper o seu descanso.*

PACHECO: ¡Inés de Castro!

*Inés abre os ollos e érguese paseniño do banco sen deixar de mirar a Pacheco, tranquila e levemente expectante.*

INÉS: ¿A que motivo responde esta abrupta visita?

PACHECO: Importante motivo, señora.

INÉS: escoito as súas palabras, Pacheco...

PACHECO: Serei breve en palabras, pois o meu cometido ten máis que ver coas accións... veño darlle morte, señora. (*Extrae un papel da súa casaca e amósallo a Inés*) Este decreto así o manda.

INÉS: ¿E quen asina ese decreto?

PACHECO: O rei Alfonso, o noso señor.

INÉS: (*Digna*) ¿E que razóns aduce?

PACHECO: Razóns de estado, señora.

INÉS: Son poderosas razóns...

PACHECO: As máis altas xunto ás divinas.

INÉS: (*Ironicamente amarga*) Así é...

PACHECO: Así debe ser. (*Saca unha daga*) ¿Acata a súa sentenza?

INÉS: (*Sorri aceda*) Un decreto é un decreto... ¿quen son eu para opinar?

*Pacheco achégase a Inés coa daga na man.*

PACHECO: Non é nada persoal, señora. Cumpro co meu deber.

INÉS: (*Sereamente resignada*) Eu tamén cumprín co meu.

*Pacheco achégase a Inés e afúndelle a daga no peito. O corpo de Inés cae ó chan sen emitir sequera un breve suspiro. Fin.*

*E choveron sabres en Portugal.*

José Prieto.